

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 6644** *Corrección de erros da Lei orgánica 1/2008, do 30 de xullo, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado na capital portuguesa o 13 de decembro de 2007.*

Advertidos erros na publicación da Lei orgánica 1/2008, do 30 de xullo, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado na capital portuguesa o 13 de decembro de 2007 (suplemento en lingua galega número 9, do 1 de agosto de 2008) procédese a efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 971, columna da esquerda, no artigo 18, onde di: «... e de conformidade coa Constitución»; debe dicir: «...e de conformidade co Tratado da Unión Europea e co Tratado de Funcionamento da Unión Europea» (no sucesivo denominados «os Tratados»).

Na páxina 971, columna da esquerda, no artigo 21, no número 2, onde di: «... no ámbito de aplicación da Constitución»; debe dicir: «... no ámbito de aplicación dos Tratados».

Na páxina 972, columna da dereita, no artigo 36, onde di: «... de conformidade coa Constitución»; debe dicir: «...de conformidade cos Tratados».

Na páxina 973, columna da esquerda, no artigo 41, número 4, onde di: «... nunha das linguas da Constitución»; debe dicir: «...nunha das linguas dos Tratados».

Na páxina 973, columna da dereita, no artigo 45, número 2, onde di: «... de conformidade co disposto na Constitución»; debe dicir: «... de conformidade co disposto nos Tratados».

Na páxina 974, columna da esquerda, no artigo 51, número 1, onde di: «...e dentro dos límites das competencias que se lle atribúen á Unión nas demais partes da Constitución»; debe dicir: «...e dentro dos límites das competencias que os Tratados lle atribúen á Unión». No número 2, onde di: «... e misións definidas nas demais partes da Constitución»; debe dicir: «... e misións definidas nos Tratados».

Na páxina 974, columna da esquerda, no artigo 52, número 2, onde di: «Os dereitos recoñecidos pola presente Carta que se mencionan nas outras partes da Constitución exerceranse nas condicións e dentro dos límites definidos por elas»; debe dicir: «os dereitos recoñecidos pola presente Carta que constitúen disposicións dos Tratados exerceranse nas condicións e dentro dos límites determinados por estes». Na columna da dereita, no parágrafo 7, onde di: «para guiar na interpretación da Carta dos Dereitos Fundamentais»; debe dicir: «...para guiar en interpretación da presente Carta»...